



Domingo 20 de diciembre de 2009 [Contacte con laopinioncoruña.es](#) | [RSS](#)

laopinioncoruña.es

NOTICIAS
Mar

HEMEROTECA »

EN ESTA WEB



INICIO

SECCIONES

DEPORTES

ECONOMÍA

OPINIONES

GENTE Y OCIO

MULTIMEDIA

SERVICIOS

[A Coruña](#) [Metro](#) [Galicia](#) [España](#) [Mundo](#) [Sucesos](#) [Economía](#) **Mar** [Deportes](#) [Cultura](#) [Sociedad](#) [Tecnología](#) [Contraportada](#)

laopinioncoruña.es » **Mar**

Subdirector xeral de Gardacostas de Galicia

Lino Sexto Bermúdez: 'En España prácticamente só hai unha empresa prestando servizos de salvamento'

"En moitas ocasións non cumpre os contratos e despois temos que sancionala. É difícil atopar quen lle faga competencia e debemos apretala para que teña sempre os medios plenamente operativos"



Galicia, en materia de salvamento, está infinitamente mellor que as comunidades do Mediterráneo. Afirmou o subdirector xeral de Gardacostas, Lino Sexto, que aclara que para acadar esta situación, "nunha zona complicada, conflictiva", houbo que facer un gran esforzo. Acepta as críticas que se reciben nalgunhas emerxencias pero lembra que os profesionais traballan "en condicións moi duras" e toman decisións en pouco tempo. Ademais lamenta que en España só haxa unha empresa que ofrezca servizos en materia de búsqueda e rescate no mar



El subdirector xeral de Gardacostas de Galicia, Lino Sexto. / *la opinión*

MANUEL BARRAL | A CORUÑA A Xunta vén de anunciar que os helicópteros do Servizo de Gardacostas terán o próximo ano tripulación de garda na base as 24 horas e os 365 días do ano. O subdirector xeral de Gardacostas, Lino Sexto, explica que o Executivo galego cre que esta medida é máis efectiva para realizar as tarefas de salvamento na costa galega que mercar outra aeronave, como pretendía o bipartito.

-Cando será efectiva a tripulación as 24 horas na base?

-O Pesca 1, que está en Vigo, xa a ten dende xuño e o Pesca 2, que opera dende Celeiro, para primeiros de ano. Terán tripulación de forma permanente e un tempo de resposta duns dez minutos.

-Entón estará pechado xa en xaneiro o concurso para adjudicar o novo contrato?

-Non, non vai estar concluído porque é un concurso grande e hai que publicitalo na UE. Pero chegamos a un acordo coa empresa que está a prestar o servizo para que dende o 1 de xaneiro, mediante unha adenda, se amplíe o tempo de actividade. Despois, cando se resolva o concurso, xa quedará nesas condicións: as dúas bases con tripulación as 24 horas e os 365 días do ano.

-A nova Xunta adoptou esta medida en vez de mercar unha terceira aeronave. Sindicatos e sector pedían ese helicóptero para a zona da Costa da Morte pola peligrosidade das súas augas. Será así máis efectivo o servizo?

-Antes de tomar a decisión fíxose un estudio pormenorizado do que sería o tempo de resposta para chegar a calquera punto da costa cos dous helicópteros da Xunta e co Helimer de Salvamento Marítimo. Considerouse que era máis efectivo ter os tres helicópteros operativos as 24 horas que ter dous a 12 horas, porque o tempo de resposta aumentaba. Así podemos alcanzar calquer punto da costa en 20 minutos. É moito mellor que ter tres aeronaves cun horario de mañá porque as traxedias ocorren a calquera hora e se hai que localizar a tripulación do helicóptero, poñelo en marcha, etc., incrementase o tempo de resposta. Non compensa ter máis aeronaves se van estar paradas.

-A conselleira dixo que se podía mercar no futuro a terceira unidade se o Goberno o pedía. Sería unha adquisición conxunta ou con axudas do Executivo?

HEMEROTECA

[Volver a la Edición Actual](#)

TV.LAOPINIONCORUNA.ES

EXTRAS EN LA WEB



Envíanos tus quejas

Aceras levantadas, ruido de obras, problemas con la Administración... En este canal Tú eres el protagonista y Tú decides qué es noticia. Participa!

-En principio vaise cambiar o Helimer Galicia, van poñer un aparello novo e calquera mellora é benvinda. Pero tamén hai que pensar nas dificultades económicas e presupostarias que están a pasar as economías española e galega. Débense rentabilizar os medios o máximo posible. Se nalgún momento se decide adquirir outro helicóptero, benvido sexa.

-Precisamente, o novo modelo do Helimer, que cubrirá a zona da Costa da Morte e de A Coruña, foi criticado polos pilotos por ser máis inestable que o actual. Púxose A Xunta en contacto co Goberno para pedir o cambio da aeronave?

-Non sei se se fixo algunha petición neste sentido. Nas reunións co persoal de Salvamento xa daban por feito o cambio do helicóptero por un máis moderno. Cando eu cheguei a decisión xa estaba tomada. A aeronave que teñen agora é boa pero ten os seus anos, é bastante antiga. O modelo novo é moito máis moderno pero non son piloto e non sei do tema da estabilidade. En principio reúne as garantías que se esixen para esta actividade. O que interesa é que os helicópteros funcionen continuamente. Cos dous da Xunta e co de Sasemar a costa galega ten un nivel de cobertura moi importante que non teñen moitos lugares de España nin de Europa. É unha zona complicada, conflictiva, pero aquí fíxose un esforzo que non houbo noutras zonas.

-Entón é Galicia unha das zonas con máis medios para actuar fronte ás traxedias marítimas?

-Non cabe dúbida de que si. Temos unha ratio superior á que teñen outros países do norte como Suecia ou Noruega. En comparación co Mediterráneo estamos infinitamente mellor. O ideal sería ter un nivel de cobertura maior, claro, pero é o que podemos afrontar neste momento. No noso entorno creo que estamos moi por enriba doutros países.

-Case sempre que hai accidentes oímos críticas de distintos expertos polos tempos de resposta e fálase de que hai que mellorar a coordinación entre medios estatais e autonómicos. Está dacordo?

-O tema de salvamento marítimo é competencia do Estado. Nós poñemos os medios á súa disposición pero eles coordinan as operacións. A relación co persoal de Sasemar é excelente e o contacto é continuo e directo. Cando hai calquera desgracia no mar aparecen as críticas pero débese pensar que é un traballo que se fai en condicións moi duras; son moi bos profesionais. Tómanse as decisións en momentos moi apurados polo que rompo unha lanza en favor dos compañeiros de Sasemar porque traballan moi ben e moi duro. Fan un traballo encomiable, nunca tivemos problemas con eles e estamos sempre informados.

-No naufraxio do pesqueiro Rosamar, vostede aínda non ocupaba este cargo, o helicóptero de Celeiro estaba en Alvedro substituindo ao Helimer, e xusto se produciu o suceso na costa de Lugo. Estas cousas si se deberían mellorar, non? Porque o contrato di que debe haber medios de substitución.

-Si. O que pasa é que neste país son poucas as empresas que prestan estes servizos e en moitas ocasións non se cumpren os contratos e despois hai que sancionar. Cando ocorre unha desgracia sempre hai que mirar que foi o que fallou. Os equipos teñen avarías. Pode ser que nun momento puntual non haxa un helicóptero de substitución por parte da empresa que presta o servizo pero son uns casos puntuais e contados. O malo é que non hai maneira de afrontar calquer percance nese momento. Aquí practicamente só hai unha compañía que presta o servizo e é difícil atopar quen lle faga competencia. Pero é a súa responsabilidade e hai que apretalos para que teñan os medios plenamente operativos.

-Di que a empresa que presta o servizo de salvamento é practicamente a única que opera en España. Entón case seguro que sexa a adxudicataria do concurso do Servizo de Gardacostas.

-En España non teño constancia de que haxa máis. Pero este tipo de contratos ábrense a calquera empresa da UE e pode vir outra de fóra.

-Pero non sería difícil xestionar o servizo dende o estranxeiro?

-Non. Supoño que hai empresas que se dedican a este tipo de servizos e, se ven mercado, desprázanse. O ideal sería que houbera máis competencia pero iso non depende de nós. O que está claro é que cando en Galicia non había helicópteros operativos non tiñamos empresas. Se houbera máis, cunha competencia sana entre elas, poderían dar un servizo máis económico e eficiente.

Compra Lotería de Navidad en tu diario digital.

laopinioncoruña.es

✓ **Elige tu décimo.**

✓ **Premio seguro jugando en peña.**



Comprar Lotería »

servicio ofrecido por lotopia.com

DESTACADOS

EL TIEMPO

Consulta la predicción meteorológica

EN MI OPINIÓN


Envía tus propios artículos

AGENDA

Disfruta de tu tiempo libre

BLOGS

Sigue las bitácoras más interesantes



Loterías y apuestas

Consulta los resultados de los principales sorteos de la lotería y la quiniela.

Anuncios Google

Dile Adios a Las Arrugas

Describe Como El Retinol Puede Ser Mejor Que La Cirujia De Cara www.skincarescience.com/es/

Titulares gratis para web

Anima tu blog o página web con titulares a medida. Cualquier tema. www.abastodenoticias.com

Esteban Piñero Marín

Procurador en Cartagena (Murcia) Tlf: 636 84 14 63 / 968 12 66 57 www.procuradorcartagena.com

Anuncios Google

PowerQuick®

Powered Personnel Ascender Elevador personal www.powerquick.es

Curso Energía Solar Vigo

Curso Energía Solar. Hazte Técnico en Energía Solar. Bolsa de Empleo www.CursosRenovables.es

Calcular Seguros de Coche

En 3 minutos 20 Seguros de Coches. Compara online y ahorra 500€. www.AsesorSeguros.com

COMPARTIR



¿qué es esto?

ENVIAR PÁGINA »

IMPRIMIR PÁGINA »

AUMENTAR TEXTO »

REDUCIR TEXTO »

VER MÁS OFERTAS AQUÍ



Disco Duro Western Digital.
DELL: Tecnología a buen precio.



Capazo Windoo - Lifestyle. ¿Vas a aumentar la familia?



Masajeador sensual Philips. Producto diseñado específicamente para las parejas.

Enlaces recomendados: Hoteles A Coruña | Juegos | Vehículos de Ocasión

CONÓZCANOS: [CONTACTO](#) | [LA OPINIÓN A CORUÑA](#) | [LOCALIZACIÓN](#)

PUBLICIDAD: [TARIFAS WEB](#) | [TARIFAS PAPEL](#) | [CONTRATAR](#)

laopinioncoruña.es

laopinioncoruña.es es un producto de Editorial Prensa Ibérica

Queda terminantemente prohibida la reproducción total o parcial de los contenidos ofrecidos a través de este medio, salvo autorización expresa de laopinioncoruña.es. Así mismo, queda prohibida toda reproducción a los efectos del artículo 32.1, párrafo segundo, Ley 23/2006 de la Propiedad intelectual.

Adaptado a la Ley de Protección de Datos por



Otros medios del grupo Editorial Prensa Ibérica

Diari de Girona | Diario de Ibiza | Diario de Mallorca | Empordà | Faro de Vigo | Información | La Opinión de Granada | La Opinión de Málaga | La Opinión de Murcia | La Opinión de Tenerife | La Opinión de Zamora | La Provincia | La Nueva España | Levante-EMV | Mallorca Zeitung | Regió 7 | Superdeporte | The Adelaide Review | 97.7 La Radio | Blog Mis-Recetas | Euroresidentes | Lotería de Navidad 2009

Aviso legal